



CONCELLO DE MONFERO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
RED NATURA 2000

*Fragas
do
Eume*

As Fragas do Eume, declaradas Parque natural no 1997, están situadas no noroeste de Galicia, entre a costa da ría de Ares e o cordal da Serra da Loba en Monfero, na provincia da Coruña. Teñen unha superficie de 9.125 hectáreas das que 3.497 son fraga, 406,14 masa de auga e o restante pastos, matos e cultivos. Constitúe no seu conxunto a mellor representación do bosque atlántico termófilo de toda a Europa atlántica.

Esténdese polo territorio de cinco das sete parroquias que conforman o concello de Monfero: Taboada, Queixeiro, San Fiz, O Val de Xestoso e o Alto de Xestoso e tamén é parte dos concellos das Pontes, A Capela, Cabanas e Pontedeume.



Posúe un grande valor a causa do seu alto grao de naturalidade e biodiversidade; na súa paisaxe obsérvanse áreas de interese de teor botánico e zoolóxico pois acolle vinte e tres especies de árbores, entre as que destacan os carballos, os castiñeiros, as bidueiras, os ameneiros, os freixos, as abeleiras, os acivros, os teixos e os olmos; áreas de mato que comprenden tres grupos: xesteiras, toxeirais, uces de diferentes castes como o breixo, a *Erica cinerea*, *Erica australis*, *Erica vagans*, *Erica tetralix*, *Calluna vulgaris*, *Lithodam prostrata*, etc., vinte e unha especies de felgos, algúns deles milenarios, o 50% dos briófitos presentes en Galicia, 221 especies (85 hepáticas e 138 brións) como a *Lepidozia cupresiana*, a *Bazania trilobata*, a *Telaranea nematodes*, 250 especies de líques dos que 243 foron determinados a nivel específico (97 saxícolas e 135 exclusivamente epífitos), máis de 100 fungos e unha importante vexetación hidrofítica que medra nos canavais e nos xuncais dos remansos dos ríos, así como 25 especies de flora fanerogámica e criptogámica.

Canto á fauna, existen 126 especies de vertebrados; 8 de peixes (troitas, reos ou anguias); 14 de réptiles (a lagartixa, a cobra de auga); 103 aves (predadores como o azor, o gabián, o moucho, o falcón peregrino, o aguiacho cinza ou rateiro, outros como o martiño peixeiro, merlos acuáticos, varias especies de paxaro carpinteiro, lavandeiras, ferreiriños, rulas, paporroibos, papamoscas, gaios, bubelas, garzas e diferentes especies de aves acuáticas. No que toca aos mamíferos, hai entre eles lobos, martas, touróns, golpes, gatos monteses, porcos teixos, ourizos,

xabaris, corzos, cervos e gamos. Vinculada ao medio acuático atopamos a lontra. Entre os caracois hai dúas especies deles que son endémicos desta zona. A avelaiña ten a única colonia de Galicia nestas fragas e como especie rara existe tamén o escornabois (*Lucanus cervus*). Morcegos, roedores, insectívoros, carnívoros, suídos e cérvidos conforman a fauna destas fragas.

Ao referirmonos a áreas de interese histórico-artístico, cómpre destacar o Mosteiro de Monfero e o de Caaveiro; ermidas coma a de San Cosme, San Bartolomeu ou San Andrés; cruceiros, fontes e mais outras zonas de interese etnográfico e cultural.



MIRADOIROS

Temos Penafesa no confin de San Fiz co Val de Xestoso, que nos ofrece unha panorámica que chega ao mar.

San Bartolomeu en Queixeiro é todo un miradoiro con vistas sobre a fraga. No lugar da Torre é posible observar un conxunto de vivendas típicas con reloxo de sol na parede. Se seguimos pola estrada que conduce á Capela habemos ver a fervenza nas **Penas do Mel** e unha visión completa do canón do Eume.

Lagares, en San Fiz, mostra a fraga da ribeira do río Frei Bermudo, afluente do Eume, dende o lugar de Eirabella; máis abaixo das Eiras observamos a confluencia de ambos a dous ríos nunha paisaxe extraordinaria; e os Cerqueiros, lugar abandonado ao que se chega por unha pista que hai que coller á dereita cando xa marchamos de Lagares, agasállanos cos meandros e coa fraga da ribeira do río Eume.

COMO CHEGAR

- Dende Pontedeume pola estrada que vai cara a Caaveiro chégase á parroquia de Santa Mariña de Taboada.
- Dende Betanzos pola estrada de Vilalba chégase a Santa Xiá, ao Val de Xestoso e ao Alto de Xestoso.
- Dende Miño pola estrada de Vilarmaior chégase a Vilachá e a San Fiz
- Dende a Autovía do Noroeste saíndo en Montsalgueiro pola estrada que vai a Pontedeume pasando por Irixoa chégase a San Fiz.

